



# PLAN DIXITAL

CEIP Manuel Villar Paramá

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: CEIP Manuel Villar Paramá.
- Dirección: Outeiro de Veá, 6, San Xurxo de Veá, 36683, A Estrada
- Correo: ceip.villar.parama@edu.xunta.gal
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvillarparama>
- Etapas educativas: infantil e primaria.
- Número de alumnado: 85.
- Número de profesorado: 15.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O CEIP Manuel Villar Paramá está situado na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, no municipio da Estrada, á altura da comarcal PO-2008, nunha zona do rural galego de poboación dispersa. Proba disto é que o alumnado que utiliza o transporte escolar está repartido en catro autobuses de catro liñas diferentes que realizan percorridos de aproximadamente unha hora para distribuír o alumnado.

O municipio está formado por 51 parroquias. O centro pertence á parroquia de Veá (San Xurxo de Veá), no NO do concello da Estrada. Limita coas parroquias de Barcala (San Miguel e Santa Mariña), Frades, Veá (San Andrés, San Xulián e Santa Cristina) e Couso. De todas elas procede o alumnado do centro, do que a maioría emprega o transporte escolar.

Case un 22 % dos pais/nais se dedican ás tarefas do fogar; un 15 %, ao sector da construción; un 11 % son dependentes; un 7,8 % son transportistas; e un 6,25 %, mecánicos. Seguen, nesta orde, administrativos/as, propietarios de pequenas empresas, agricultores/gandeiros, traballadores/as da hostalaría, da sanidade, de seguridade, de costura, docentes, en paro e outras sen clasificar ou especificar.
- Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo

O PD súmase a outros Plans e proxectos do centro vixentes neste curso 21/22:

  - E-dixgal en 5º e 6º EP.
  - PFPP: Itinerarios *E-dixgal Ano 2*, *Mellora da xestión dos centros* e *Deseño e elaboración do plan dixital do centro*.
  - Programas do Plan Proxecta+: *Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)* e *Nós tamén creamos*.
  - Contratos programa *Inclúe: Inclúe-t* e *Emociona-t*.
  - Sección bilingüe.
  - Auxiliar de conversa.
- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23

-O vindeiro curso 22/23 contaremos cunha Liña de Formación específica de Plan Dixital, da que será responsable o coordinador do PFPP do centro, así como cunha Liña específica E-DixGal.

-No PD recolleamos solicitude de dotación de infraestrutura e equipamento dixital, que se plasmará tamén na PXA.

-No curso 22/23 implementarase o PD.

### 1.3. Breve xustificación do Plan Dixital

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

### 1.4. Proceso de elaboración

- A organización e o proceso de elaboración do PD dentro do equipo de dinamización do plan dixital estivo sempre guiado polo Adix-Lalín e a nosa mentora.
- A coordinadora do equipo de dinamización do plan dixital serviu de nexa entre o equipo e o Adix-Lalín.
- Creamos un curso na AV do centro titulado Plan Dixital onde iamos publicando toda a información proporcionada polo Adix e toda a documentación elaborada polo equipo.
- Participamos no grupo de traballo *Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital*.
- Realizamos a enquisa SELFIE e o test CDD, a partir dos cales obtivemos senllos informes.
- A partir do informe SELFIE extraemos as fortalezas, oportunidades, ameazas e debilidades, reflectidos no informe DAFO.
- A partir das debilidades e ameazas expostas no informe DAFO, elaboramos unha táboa de obxectivos e accións para aplicar no curso 22/23: o plan de acción.
- Elaboramos a versión 1.0 do plan dixital, sendo un dos seus apartados as táboas do plan de acción.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O equipamento que dispón o centro foi en parte adquirido polo centro e outra parte foi solicitada e enviada pola consellería.

- **Infraestrutura dixital do centro:** O centro dispón de conexión a internet de fibra óptica por cable e sen fíos en todos os espazos do centro, agás no pavillón polideportivo. Dispoñemos de teléfonos en conserxería, dirección e orientación. Equipamento dispoñible: O centro dispón en todas as aulas de encerado dixital con proxector estando equipadas dúas delas, 5º e 6º de primaria, para o proxecto EDixgal cos respectivos armarios de carga e portátiles para o alumnado e profesorado.

O profesorado que imparte materias nos cursos E-Dixgal dispoñen de portátiles para o desempeño docente.

En todas as aulas de infantil e Primaria dispoñemos dun ordenador para o profesorado conectados ao encerado dixital e a fotocopiadora en liña.

As aulas de música e inglés dispoñen de ordenadores (portátil e de sobremesa) con encerado dixital interactivo e proxector.

O departamento de orientación dispón de dous ordenador, un do orientador e outro da PT.

Na sala de profesorado temos un equipos de sobremesa e fora está a fotocopiadora conectada cos equipos das aulas por rede.

Para a xestión e administración dispoñemos de tres equipos de sobremesa: dirección, xefatura e secretaría

Dispoñemos de tres tabletas para o profesorado e alumnado que o precise para a realización de actividades dos distintos proxectos.

A biblioteca dispón dun equipo de sobremesa co programa Meiga instalado para a xestión da mesma.

AULA	PC	PDI / proxector	Tabletas	Armario de carga (E-dixgal)	Impresora
Infantil 3-4	1	1			
Infantil 4-5	1	1			
1ºEP	1	1			
2ºEP	1	1			
3ºEP	1	1			
4ºEP	1	1			
5ºEP	1	1		1	
6ºEP	1	1		1	
Aula Música	1				
Aula Inglés	1	1			
Orientación	1				
Aula PT	1				
Aula AL					
Aula de Informática	10				
Biblioteca	1				
Dirección	1				1
Xefatura	1				
Secretaría	1		3		
Sala profesorado	1	1			1
Pavillón					
Salón de actos					

- **Servizos dixitais educativos:** O centro conta cunha páxina web actualizada e na que se recolle toda a documentación que se xera no centro, avisos de convocatorias públicas, noticias de actualidade relacionadas coas actividades destacadas do alumnado, etc. A aula virtual, que se empezou a empregar por mor da pandemia, está en funcionamento configurada para todos os cursos.  
Formamos parte do Proxecto E-Dixgal dende o curso 2020-2021. Emprégase para a comunicación coas familias AbalarMóbil.
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro:** As coordinadoras TICs e Edixgal son as que se encarga do mantemento do equipamento diariamente, contactando coa UAC ou co servizo premium cando o precisa para resolver incidencias. Cando se precisa de revisión e/ou reparación dalgún equipo contáctase cunha empresa externa para realizar esa tarefa.
- **Plan de continxencia:** O centro dispón dun plan de continxencia ante situacións dun abrocho elaborado no curso 2020-2021 e publicado na páxina web do centro.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE.** Táboa coa información do **resumo das áreas** do informe SELFIE da etapa educativa que participou na enquisa:

Areas	Grupos	Primaria
<b>A - Liderado</b>	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	2,9
	Alumnado	-
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	2,9
	Alumnado	3,7
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,8
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	3,3
	Alumnado	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,5
	Alumnado	-
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	3
	Alumnado	3,8
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2,5
	Profesorado	2,5
	Alumnado	-
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,2
	Alumnado	4

**Test CDD.** Táboa 1.3. co perfil do profesorado participante no TestCDD e táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe xeral do TestCDD de centro.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	11	13	84,6 %
<b>PROVISIONAL</b>	-	-	-
<b>INTERINO</b>	-	-	-
<b>SUBSTITUTO</b>	2	2	100 %
<b>DESPPRAZADO</b>	-	-	-

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,8 %	Integrador/a (B1)	76,4 %	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF.</b>	51	Explorador (A2)	68,2	Integrador (B1)
<b>PRI</b>	73,6	Integrador (B1)	77	Integrador (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	7,14 %
<b>A2</b>	6	42,86 %
<b>B1</b>	5	35,72 %
<b>B2</b>	1	7,14 %
<b>C1</b>	-	-
<b>C2</b>	1	7,14 %
<b>TOTAL</b>	14	100,00%

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	1.- Infraestrutura dixital para apoiar o ensino-aprendizaxe. 2.- Acceso a Internet para o ensino-aprendizaxe. 3.- Dispositivos dixitais no centro para uso do alumnado. 4.- Asistencia técnica. 5.- Equipamento informático mercado polo centro. 6.- Espazo escolar para o uso das tecnoloxías. 7.- Acceso a recursos dixitais en liña ben organizados.	1.- Sistemas de protección de datos no centro. 2.- Coñecemento da normativa relativa á adquisición de equipamento informático. 3.- Equipo dixital insuficiente. 4.- Falta de fondos. 5.- Conexión a internet.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	1.- Debates sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 2.- Debate entre o equipo directivo e o profesorado sobre as necesidades de FPP no ensino con tecnoloxías	1.- Avaliación dos progresos no proceso de ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 2.- Intercambio de experiencias dentro do centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.

	<p>dixitais.</p> <p>3.- Acceso do profesorado a posibilidades de FPP no ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>4.- Búsqueda do profesorado de recursos educativos dixitais en internet.</p> <p>5. Participación en actividades formativas individuais para a actualización das competencias dixitais.</p> <p>6.- Coñecemento e uso de software libre por parte do profesorado.</p> <p>7.- Utilidade das DPC: formación do profesorado en rede, presencial, a través da cooperación con profesorado do centro, asesoramento interno e rede de formación.</p> <p>8.- Manexo das tecnoloxías na comunicación con alumnado e familias e na impartición de clases.</p> <p>9.- Tempo dedicado ao ensino dixital na aula.</p> <p>10.- Colaboración do profesorado dentro da escola para o uso das tecnoloxías dixitais.</p> <p>11.- Utilización de tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración do alumnado.</p> <p>12.- Uso de tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro.</p> <p>13.- Uso de tecnoloxías dixitais para adaptar o ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p> <p>14.- Actividades de aprendizaxe dixitais motivantes para o alumnado.</p> <p>15.- Participación do profesorado en programas de desenvolvemento profesional e en redes profesionais.</p> <p>16.- Comunicación regular e ben organizada no centro.</p>	<p>3.- Creación de recursos educativos dixitais polo profesorado.</p> <p>4.- Emprego de contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado.</p> <p>5.- Uso de tecnoloxías dixitais na avaliación das habilidades do alumnado.</p> <p>6.- Uso de tecnoloxías dixitais para a retroalimentación do alumnado.</p> <p>7.- Uso de tecnoloxías dixitais para a reflexión do alumnado sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>8.- Uso de tecnoloxías dixitais para que o alumnado realice observacións construtivas sobre o traballo dos compañeiros/as.</p> <p>9.- Utilidade das DPC a través de actividades internas organizadas polo centro, programas acreditados e visitas de estudo.</p> <p>10.- Creación de recursos dixitais para a preparación das clases e para a avaliación e o apoio ao alumnado.</p> <p>11.- Uso das tecnoloxías dixitais para o ensino-aprendizaxe.</p> <p>12.- Competencias dixitais do profesorado.</p> <p>13.- Uso das tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado.</p> <p>14.- Fomento de proxectos interdisciplinares do alumnado utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>15.- Tempo do profesorado para a preparación de materiais dixitais.</p>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
<b>ALUMNADO</b>	<p>1.- Aprendizaxe de comportamento seguro, responsable e respectuoso na internet.</p> <p>2.- Aprendizaxe para verificar a calidade da información en internet.</p> <p>3.- Aprendizaxe para outorgar recoñecemento ao traballo alleo na internet.</p> <p>4.- Aprendizaxe da comunicación empregando tecnoloxías dixitais.</p> <p>5.- Uso exclusivo de servizos dixitais educativos corporativos para o ensino virtual.</p> <p>6.- Acceso a toda a información necesaria na web do centro.</p> <p>7.- Seguimento das tarefas a través da aula virtual do centro ou do EVA.</p> <p>8.- Coñecemento e uso de software libre por parte do alumnado.</p> <p>9.- Non necesidade do emprego de software de pago polo alumnado para realizar as tarefas propostas desde o centro.</p> <p>10.- Competencias dixitais do alumnado.</p> <p>11.- Uso da tecnoloxía no centro e na casa para tarefas escolares.</p> <p>12.- Uso suficiente das tecnoloxías para entablar contactos.</p> <p>13.- O uso dos dispositivos dixitais non provoca distraccións no estudo na casa.</p> <p>14.- Utilización da tecnoloxía na casa con axuda da familia ou do profesorado e sen axuda.</p>	<p>1.- Creación de contidos dixitais polo alumnado.</p> <p>2.- Uso da tecnoloxía fóra do centro para tarefas de aprendizaxe non relacionadas co centro.</p> <p>3.- Ausencia de tecnoloxía fóra do centro.</p> <p>4.- Información ao alumnado sobre o uso dos dispositivos dixitais na casa.</p>
<b>FAMILIAS</b>	<p>1.- Uso de tecnoloxías dixitais para a comunicación coa comunidade educativa.</p> <p>2.- Uso exclusivo de servizos dixitais educativos corporativos para difundir a información do centro.</p> <p>3.- Comunicación coas familias a través de abalarMóbil.</p> <p>4.- Difusión da información e seguimento da actividade académica a través de servizos dixitais educativos corporativos.</p> <p>5.- Colaboración dixital na casa.</p> <p>6.- Axuda para a aprendizaxe híbrida.</p> <p>7.- Uso da tecnoloxía na casa para tarefas escolares.</p> <p>8.- Acceso do alumnado a dispositivos electrónicos na casa.</p> <p>9.- Espazo na casa para o uso dos dispositivos dixitais.</p> <p>10.- Conectividade na casa.</p>	<p>1.- Uso da tecnoloxía na casa para o lecer.</p> <p>2.- Competencia dixital das familias.</p> <p>3.- Axuda en internet ou das amizades na aprendizaxe con tecnoloxía dixital na casa.</p>



	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>1.- Apoio do equipo directivo para que o profesorado explore novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>2.- Uso de tecnoloxías dixitais para a comunicación coa comunidade educativa.</p> <p>3.- Uso exclusivo de servizos dixitais educativos corporativos para difundir a información do centro e o ensino virtual.</p> <p>4.- Plans de formación en centros.</p> <p>5.- Fomento da participación do profesorado en actividades formativas individuais para a actualización das competencias dixitais.</p> <p>6.- Comunicación do centro regular e ben organizada.</p>	<p>1.- Desenvolvemento da estratexia dixital do centro coa colaboración do equipo directivo e o profesorado.</p> <p>2.- Existencia de estratexia dixital no centro.</p> <p>3.- Promoción do emprego do software libre.</p> <p>4.- Experiencia da escola na aprendizaxe mixta.</p> <p>5.- Non aplicación da política "Traia o seu propio dispositivo".</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	1.- Formación organizada pola Administración Educativa axustada ás necesidades formativas do profesorado en competencia dixital.	
	<b>LEXISLACIÓN</b>		
	<b>CONTORNA</b>	1.- Uso das tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións.	1.- Colaboración do centro con outros centros e organizacións para a aprendizaxe mixta.
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO:

- 1) Establecer áreas prioritarias e determinar os obxectivos (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.
- 2) Establecer indicadores para cada un dos obxectivos cos seus valores de partida e de chegada.

- 3) Determinar as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.
- 4) Para cada obxectivo cumpríméntase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Entendendo por infraestructura dixital as condicións de colectividade necesarias para o desenvolvemento da labor, contamos con infraestructura de datos (colectividade a internet), infraestructura de voz (máis dunha liña de telefonía) e conexións cableadas e sen fíos. Neste senso, non temos ningunha necesidade.

Onde si temos necesidade de mellora e no equipamento, entendéndose como conxunto de dispositivos tecnolóxicos cos que conta o centro para o desenvolvemento das funcións docentes, tende en conta o material enviado desde a administración de xeito ordinario, o enviado especificamente como dotación pola participación en proxectos corporativos impulsados pola administración e calquera outro existente nos propios centros; todo recollido na aplicación de inventario.

Relación dos equipos informáticos (ordenadores) e a súa localización nas instalacións do centro xa e pode ver no apartado 2.1.

**Necesidade de mellora:** Para a mellora do equipamento presente, faría falta unha renovación da totalidade dos equipos do aula de informática. Trátase de ordenadores vellos con pouco velocidade e que non contestan ao uso que o alumnado quere realizar con eles. Ademais, hai espazos do centro sen equipos, como a aula de PT, a pavillón ou o salón de actos, polo que tamén habería que aumentar o seu número.

**Finalidade:** Deste xeito, a súa substitución axilizaría as labores a desenvolver polo alumnado, xa que, quitando ao alumnado de 5º o 6º de Educación Primaria que conta con seus equipos propios polo programa E-Dixgal, resulta moi complexo normalizar o uso do ordenador nas clases como ferramenta de traballo.

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: A) LIDERADO						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Empregar o software libre. (PE2, PE5) Ítem: Promoción do emprego do software libre.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a TIC.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe do profesorado participante en actividades de formación sobre o software libre, no proxecto Abalar e no Espazo Abalar.					
<b>Valor de partida:</b>	Non aplica. Sen datos previos.					
<b>Valor previsto e data:</b>	O 75 % do profesorado participou en actividades de formación sobre ferramentas de software libre e no espazo Abalar. O 54 % participa no proxecto Abalar			31/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Participar en actividades de formación sobre o uso de ferramentas de software libre.	Coordinador TIC.	31/05/2023	CFR.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Continuar co proxecto Abalar.	Coordinador/a E-Dixgal.	31/05/2023	Equipos Abalar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Utilización dos contidos dixitais do repositorio do Espazo Abalar.	Profesorado titor e especialista.	31/05/2023	Equipos informáticos de aula.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: B)COLABORACIÓN E REDES						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Realizar intercambios virtuais con centros da zona e co Concello da Estrada. (B3) Ítem: Colaboración do centro con outros centros e organizacións para a aprendizaxe mixta.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a TIC.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe do profesorado participante no intercambio de postais dixitais, nas entrevistas virtuais con centros da zona e nas iniciativas audiovisuais do Concello da Estrada.					
<b>Valor de partida:</b>	O 100 % do profesorado participa todos os anos nas actividades ofertadas polo Concello da Estrada e realiza intercambio de postais co CEIP Pérez Viondi da Estrada. O 50 % participou en anos anteriores en videoconferencias con figuras destacadas da cultura galega.					
<b>Valor previsto e data:</b>	O 75 % do profesorado intercambiou postais con centros educativos da zona e participou en videoconferencias e actividades dixitais con organizacións e centros da zona.			31/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Intercambio virtual de postais dixitais con outros centros da zona con motivo das conmemoracións celebradas.	Coordinadores/as TIC e EDLG.	31/05/2023	Equipamento informático do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Videoconferencias con centros educativos da zona ou persoeiros da cultura galega.	Coordinadores/as TIC.	31/05/2023	Equipamento informático do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Participar nas iniciativas dixitais do concello da Estrada (gravación de vídeos).	Coordinadores/as TIC e EDLG.	31/05/2023	Equipamento informático do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C) INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Participar en formación sobre protección de datos no centro e a normativa relativa á adquisición de equipamento informáticos para superar a falta de equipos dixitais. (C5) Ítem: Sistemas de protección de datos no centro.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador do Plan Dixital.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe do profesorado que participa no pfpp.					
<b>Valor de partida:</b>	O 20% do claustro participa na actividade, coñecendo a importancia protección de datos no centro e a normativa relativa á adquisición de equipamento.					
<b>Valor previsto e data:</b>	O 75% do claustro participa na actividade e coñece a importancia protección de datos no centro e a normativa relativa á adquisición de equipamento.			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Charla Coloquio sobre protección de datos	Coordinador do PFPP relacionado a Competencia Dixital Docente.	27/09/2022	Poñente/relator Aula ou salón de actos Organización da actividade para todo o Claustro de profesores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Charla Coloquio sobre a normativa relativa á adquisición de equipamento informático	Coordinador do PFPP relacionado a Competencia Dixital Docente.	25/10/2022	Poñente/relator Aula ou salón de actos Organización da actividade para todo o Claustro de profesores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Obradoiro "como respectar e cumprir a protección de datos"	Coordinador do PFPP relacionado a Competencia Dixital Docente.	29/11/2022	De xeito presencial, organizar un obradoiro TIC para traballar a protección de datos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO34: Recollida de Fichas/Materiais onde se evidencia o tratamento da protección de datos e á adquisición	Recollida de documentos onde se evidencia o tratamento	30/06/2023	Na Aula Virtual do centro, no propio espazo/curso do Plan Dixital, abrir unha carpeta por		Realizada	
					Aprazada	

de equipamento informático	da protección de datos.		curso.		<b>Pendente</b>
----------------------------	-------------------------	--	--------	--	-----------------

## Área/s de mellora: D) DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO

<b>OBXECTIVO 4:</b>	Intercambiar experiencias internas no centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais. (D3, D4, D8, PE1, PE2) ítems: Intercambio de experiencias dentro do centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais. Utilidade das DPC a través de actividades internas organizadas polo centro, programas acreditados e visitas de estudo. Competencias dixitais do profesorado.			Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a plan dixital.			Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe do profesorado que participa no intercambio.				
<b>Valor de partida:</b>	Non aplica. Sen datos previos.				
<b>Valor previsto e data:</b>	O 75 % do profesorado participou nunha actividade de intercambio de experiencias no centro sobre o ensino de tecnoloxías dixitais en colaboración co CFR.		31/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO4.1: Organizar unha actividade interna de intercambio de experiencias dentro do centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.	Coordinador/a TIC.	31/05/2023	CFR.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

**Área/s de mellora: D) DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO**

<b>OBXECTIVO 5:</b>	Participar nas liñas de formación e-dixgal e plan dixital. (PE1, PE2) Ítem: Competencias dixitais do profesorado.		<b>Acadado</b>
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a plan dixital		<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe do profesorado que participa nas liñas de formación: e-dixgal e plan dixital.		
<b>Valor de partida:</b>	O 46 % do profesorado participou na formación e-dixgal e o 23 % na do plan dixital no curso 21/22.		
<b>Valor previsto e data:</b>	O 53,84 % do profesorado participa na liña de formación e-dixgal e o 75 %, na do plan dixital).	31/05/2023	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Liña formación específica plan dixital.	Coordinador/a pfpp plan dixital.	31/05/2023	CFR.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Liña formación específica E-Dixgal.	Coordinador/a pfpp E-Dixgal.	31/05/2023	CFR.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Informar o claustro de todas as actividades FProfe sobre competencia dixital.	Coordinador plan dixital.	31/05/2023	Reunións mensuais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



## Área/s de mellora: E)PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS.

<b>OBXECTIVO 6:</b>	Crear contidos na AV. (E2, E3) Ítems: Creación de recursos educativos dixitais polo profesorado. Emprego de contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. Uso das tecnoloxías dixitais para o ensino-aprendizaxe.			Acadado		
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a TIC.			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de cursos creados na AV de 1º a 4º EP con contidos actualizados quincenalmente. Número de PDI dispoñibles.					
<b>Valor de partida:</b>	0 cursos na AV para cada materia e nivel de 1º a 4º EP. 0 PDI nas aulas de 1º e 2º EP.					
<b>Valor previsto e data:</b>	44 cursos na AV de 1º a 4º EP con contidos actualizados quincenalmente. 2 PDI no 1º ciclo de primaria.			31/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Crear un curso na AV para cada materia e nivel de 1º a 4º EP.	Profesorado titor e especialista.	30/11/2022	Aula informática.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Actualizar quincenalmente os contidos da AV.	Profesorado titor e especialista.	31/05/2023	Equipos informáticos de aula.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Empregar PDI en todas as aulas.	Profesorado titor e especialista.	30/11/2022	PDI nas aulas de 1º e 2º EP.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: F) PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
<b>OBXECTIVO 7:</b>	Fomentar a creatividade do alumnado coa creación de contidos dixitais en proxectos interdisciplinarios por parte do alumnado. (F3, F6, H7) Ítems: Uso das tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado. Fomento de proxectos interdisciplinares do alumnado utilizando tecnoloxías dixitais. Creación de contidos dixitais polo alumnado.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinadora TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de contidos creados					
<b>Valor de partida:</b>	0 contidos interdisciplinarios creados					
<b>Valor previsto e data:</b>	18 contidos interdisciplinarios cada trimestre			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO7.1: Creación dun grupo de traballo para a creación de proxectos interdisciplinarios.	Equipo Directivo	27/09/2022	Convocatoria. Programacións das áreas. Aportacións de ideas dos asistentes. Acta reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Selección e determinación de proxectos e tarefas interdisciplinarios que sexan susceptibles para a creación de contidos polo alumnado.	Todo o claustro	25/10/2022	Ordenador. Programacións das áreas. Aportacións de ideas dos asistentes. Acta reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: Valoración do uso das tecnoloxías dixitais por parte do alumnado.	Coordinadora Plan Dixital	30/06/2023	Enquisas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

**Área/s de mellora: F) PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA**

<b>OBXECTIVO 8:</b>	Empregar dispositivos dixitais para tarefas de aprendizaxe non relacionadas co centro na casa. Ítem: Uso da tecnoloxía fóra do centro para tarefas de aprendizaxe non relacionadas co centro. Ausencia de tecnoloxía fóra do centro.	Acadado
<b>Responsable:</b>	Xefatura de estudos	Non acadado

<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de préstamos
<b>Valor de partida:</b>	0 préstamos
<b>Valor previsto e data:</b>	O número de préstamos que se obtén das enquisas 30/09/2022

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A08.1: Enquisa as familias para obter a información necesaria sobre o alumnado e existencia e uso que lle dá aos dispositivos dixitais na casa.	Coordinadora Plan Dixital	14/09/2022	Materiais da web da Consellería. Acta reunión. Curso Aula virtual.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A08.2: Préstamo de dispositivos dixitais por parte do centro a aqueles alumnos que non teñen estes recursos na casa.	Coordinadora Plan Dixital	21/09/2022	Ordenadores Contrato de préstamo.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

**Área/s de mellora: G) PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN**

<b>OBXECTIVO 9:</b>	Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas para a reflexión e retroalimentación do alumnado. (G1, G5, G6) Ítems: Avaliación dos progresos no proceso de ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. Uso de tecnoloxías dixitais na avaliación das habilidades do alumnado. Uso de tecnoloxías dixitais para a retroalimentación do alumnado, a reflexión do alumnado sobre a súa aprendizaxe e para que o alumnado realice observacións construtivas sobre o traballo dos compañeiros/as.	<b>Acadado</b>
---------------------	--	----------------

<b>Responsable:</b>	Xefatura de Estudos	<b>Non acadado</b>
---------------------	---------------------	--------------------

<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de rúbricas creadas e compartidas na aula virtual.
-----------------------------------	---

<b>Valor de partida:</b>	0 rúbricas creadas e compartidas na aula virtual do centro.
--------------------------	---

<b>Valor previsto e data:</b>	10 rúbricas creadas e compartidas na aula virtual do centro.	30/06/2023
-------------------------------	--	------------

**ACCIÓN A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO9.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para deseñar as rúbricas.	Xefa de estudos	27/09/2022	Convocatoria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.2: Determinación de tarefas conxuntas/interdisciplinares que sexan avaliábeis mediante rúbricas.	Grupo de traballo	25/10/2022	Actas de reunións. Rúbricas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.3: Publicación e proba das Rúbricas. Revisión se é o caso.	Grupo de traballo	30/06/2023	Rúbricas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: H) COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
<b>OBXECTIVO 10:</b>	Crear foros de dúbidas na AV para axudar na aprendizaxe na casa. Ítem: Axuda en internet ou das amizades na aprendizaxe con tecnoloxía dixital na casa.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a TIC.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de foros de dúbidas creados na AV.					
<b>Valor de partida:</b>	0 foros de dúbidas.					
<b>Valor previsto e data:</b>	44 foros de dúbidas creados na AV.			30/11/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO10.1: Crear un foro de dúbidas en cada curso da AV.	Profesorado de cada materia.	30/11/2022	Equipos informáticos do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

**Área/s de mellora: H) COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO**

<b>OBXECTIVO 11:</b>	Crear enlaces na AV para contribuír ao lecer na casa. Ítem: Uso da tecnoloxía na casa para o lecer.	Acadado
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a TIC.	Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de cursos da AV con enlaces a revistas dixitais e xogos interactivos.	
<b>Valor de partida:</b>	0 actividades de lecer na AV para todos os cursos e materias.	
<b>Valor previsto e data:</b>	44 cursos da AV con enlaces a revistas dixitais, xogos interactivos e vídeos de libros.	30/11/2022

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
<b>AO11.1: Crear un apartado específico na AV de cada curso con enlaces ás seguintes actividades de lecer:</b> - Revistas dixitais infantís. - Xogos educativos interactivos. - Vídeos de libros infantís. - Audio	Profesorado titor e especialista.	30/11/2022	Equipos informáticos do centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

## Área/s de mellora: H) COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO

<b>OBXECTIVO 12:</b>	Organizar formación dixital a través da escola de pais/nais. Ítem: Competencia dixital das familias.	Acadado
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a do Plan Dixital	Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de cursos organizados pola escola de nais/pais sobre formación dixital.	
<b>Valor de partida:</b>	Non hai escola de nais/pais.	
<b>Valor previsto e data:</b>	2 actividades de formación dixital organizadas pola escola de nais/pais, unha no 2º e outra no 3º trimestre.	31/05/2023

### ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO12.1: Creación dunha escola de nais e pais no centro.	Xefatura de estudos.	30/11/2022	CFR.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO12.2: Organizar cursos de formación dixital para as familias.	Coordinador/a TIC.	31/05/2023	CFR.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

#### 4. Avaliación do plan

Procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

#### 5. Difusión do plan

Estratexia para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa:

- Correo electrónico para o claustro e o consello escolar.
- AbalarMóbil mensaxería para as familias.
- Páxina web do centro.
- Taboleiro de anuncios do centro.
- Consulta a disposición na secretaría do centro.

ESTE PLAN DIXITAL FOI PRESENTADO AO CLAUSTRO E APROBADO POLO CONSELLO ESCOLAR O DÍA 30 DE XUÑO DE 2022.